

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA SLU, PARA POTENCIAR O USO DO IDIOMA GALEGO

Santiago de Compostela

REÚNENSE

Don José Carlos López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, publicado no DOG núm. 73, do 14 de abril, e polo disposto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, publicado no DOG núm. 81, do 24 de abril.

Don Luis Miguel Blanco Penas con NIF 33283357B en representación da sociedade Corporación Voz de Galicia SLU, con CIF: B-15292022, e enderezo en Avda. da Prensa 84-85, Polígono Industrial de Sabón, 15143 Arteixo (A Coruña), actuando en nome e representación desta, en virtude de facultades de representación conferidas segundo a escritura outorgada ante o notario da Coruña, don Víctor-José Peón Rama, o día 27 de setembro de 2024, baixo o número 1955 do seu protocolo.

EXPOÑEN

Un. Que as dúas partes comparecentes consideran como referente normativo básico da súa actuación o artigo 3.2 da Constitución española sobre a oficialidade das outras linguas españolas nas respectivas comunidades autónomas, e o artigo 5 do Estatuto de autonomía para Galicia, que establece que a lingua propia de Galicia é o galego e que os



poderes públicos potenciarán o seu emprego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa.

Dous. Que, así mesmo, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG núm. 84, do 14 de xullo de 1983), no seu título IV, e concretamente no artigo 19, establece para o ámbito dos medios de comunicación o apoio económico e material para aqueles medios que, sen seren de titularidade pública nin sometidos á xestión ou competencia de institucións da comunidade autónoma, empreguen o galego dun xeito habitual e progresivo.

Tres. Que o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, establece como obxectivos centrais da área de medios de comunicación a necesidade de incrementar anualmente e de maneira constante o uso do galego nos medios públicos e privados, lograr unha ampla oferta informativa, de temática variada e de calidade e incrementar a presenza do galego na publicidade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos. Entre as actuacións que establece o citado Plan contéplase a realización de actividades de promoción do galego nos medios de comunicación para implicar ás empresas xornalísticas que operan na comunidade autónoma no proceso dinamizador da lingua.

Catro. Que dentro destes obxectivos se enmarcan as actividades que, para incrementar o uso do galego na sociedade, promove Corporación Voz de Galicia SLU, empresa galega cabeceira dun grupo de comunicación multimedia e comprometida co proceso de normalizar o idioma galego. Esta empresa colabora habitualmente coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para estender o uso da lingua galega, principalmente a través do xornal *La Voz de Galicia*, que, ademais das actividades a que se refire este convenio, promoverá a utilización da lingua galega na publicidade do medio. Así mesmo,



desexa complementar esta colaboración para a extensión do uso da lingua galega a través da emisora de radio Radio Voz.

Cinco. A EXM, entidade oficial de control de audiencias que elabora as estatísticas dos medios de comunicación, na última onda do ano 2025 estimou que tiña uns 323.000 lectores diarios. Pola súa banda, *Radio Voz* é una cadea de radio autonómica constituída por vinte e tres emisoras e centrada na información local e autonómica.

Seis. Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, é a titular das competencias definidas en materia de normalización lingüística. Para poder cumprir os obxectivos que prevé a Lei de normalización lingüística e o Plan xeral de normalización da lingua galega, ten en conta a gran repercusión e difusión social que teñen os medios de comunicación como instrumentos moi eficaces para potenciar o uso do galego entre a cidadanía.

Sete. Que neste sentido quere colaborar apoiando o labor que levan a cabo os grandes grupos de comunicación galegos de prensa escrita e radio cos que asinará convenios de colaboración segundo os criterios establecidos no acordo do Consello da Xunta de 19 de xaneiro de 2006, relativo á subscripción de acordos ou convenios coas empresas titulares de medios de comunicación, referidos ao emprego da lingua galega nos devanditos medios.

Oito. Que as dúas partes, que teñen intereses comúns e coincidentes, manifestan a súa vontade de colaborar no desenvolvemento de actuacións que teñen por finalidade a consecución dun fin de interese xeral, como é o de contribuír á normalización da lingua galega a través dun medio de comunicación tan importante como é a prensa, co obxectivo de conseguir aumentar progresivamente a presenza do galego na prensa diaria de Galicia, e así mesmo a través da radio.



Polo exposto, ambas as partes acordan asinar un convenio de colaboración para o 2026 que se rexerá polas seguintes.

ESTIPULACIÓNS

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e Corporación Voz de Galicia SLU, para contribuír á normalización e promoción da lingua galega nos medios de comunicación e conseguir que cada vez sexa maior a implantación do galego nos medios de difusión en todos os ámbitos sociais, normalizando o seu uso a través da prensa escrita e das web dos xornais na súa liña informativa en calquera tipo de noticias, temas de actualidade, crónicas e igualmente nos artigos de opinión.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a potenciar o uso do idioma galego a través das diferentes edicións que *La Voz de Galicia* ten na Comunidade Autónoma de Galicia, así coma a través da cadea de radio *Radio Voz*, e lograr unha ampla oferta informativa, de temática variada e de calidade.

Segunda. Obrigas de Corporación Voz de Galicia SLU

A Corporación Voz de Galicia SLU, comprométese a realizar as seguintes actuacións, ben directamente ou ben a través das sociedades do seu grupo La Voz de Galicia SA, e Voz de Galicia Radio SLU:

- Elaboración e publicación dun mínimo de **24** reportaxes divulgativas no suplemento semanal *Fugas de La Voz de Galicia* dunha páxina cada un na edición xeral do periódico, orientados a promover e fomentar a lingua galega.
- Realización dun mínimo de 5 espazos divulgativos de radio na cadea de emisoras de Radio Voz (inclúe produción e emisión) orientados a promover e fomentar a lingua galega dunha duración de 10 minutos cada un.



Terceira. Modificación do convenio / redistribución de cantidades entre diferentes actividades

Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das accións contempladas no obxecto do convenio, esta modificación ou cambio instrumentarase mediante a correspondente addenda, agás naqueles casos nos que a modificación implique só unha redistribución das cantidades previstas estimativamente, de ser o caso, para cada unha delas segundo a desagregación prevista na memoria xustificativa e económica do convenio que figura no expediente de gasto sen que exista modificación orzamentaria respecto do importe total do convenio nin que implique, de ser o caso, unha redistribución orzamentaria entre diferentes capítulos de gasto.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Cuarta. Liña editorial

A fixación da liña editorial e a conseguinte responsabilidade editorial dos contidos publicados correspóndelle ao medio de comunicación, que elaborará con cargo aos medios técnicos e humanos de que dispón toda a información, noticias e publicacións obxecto deste convenio, malia iso, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua poderá formular verbo dos datos e informacións elaboradas as observacións que estime pertinentes co fin de garantir a obxectividade e veracidade destes.



Quinta. Obrigas da Consellería

A Consellería, a través da Secretaría Xeral da Lingua comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio e os datos relevantes que se soliciten para a elaboración dos materiais que se vaian publicar.

Sexta. Financiamento

O orzamento total das actividades previstas no convenio ascende a un total de **158.910,00 €** que será sufragado coa achega das dúas partes:

- En razón das achegas realizadas polo medio de comunicación para o logro da finalidade común, e como compensación polos gastos soportados no desenvolvemento das actividades, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua, colaborará na realización desta acción cunha achega máxima de **145.166,58 €**, cantidade na que se inclúen todos os impostos legais vixentes, con cargo á partida 13.02.151A.640.5 correspondente aos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para 2026.
- Corporación Voz de Galicia SLU, achegará a cantidade restante de **13.743,42 €**.

As ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Sétima. Dereitos sobre as actuacións divulgativas e os resultados

A sinatura deste convenio implica o consentimento para a utilización do material achegado por ambas as dúas partes como soporte documental básico do produto final de difusión realizado.



Para o caso de utilizar materiais e/ou documentos básicos elaborados conxuntamente polas partes asinantes serán de titularidade e uso común, sen prexuízo dos dereitos de propiedade intelectual que, de ser o caso, os protexan fronte a terceiros.

As partes asinantes farán constar, nun lugar destacado, a colaboración da consellería e do medio de prensa e, sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte deste convenio.

Oitava. Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A

A Corporación Voz de Galicia, SLU. percibirá a cantidade que achega a consellería en dous pagamentos, que se efectuarán da seguinte maneira:

- O primeiro, por importe de **72.583,29 €**, cando se leve executado aproximadamente o 50% das actividades previstas no convenio.
- O segundo, por importe da cantidade restante de **72.583,29 €**, ao remate da vixencia do convenio.

Para percibir o primeiro pagamento Corporación Voz de Galicia, S.L.U. presentará telematicamente a seguinte documentación:

- Certificación na que se acredite e detalle que as actividades foron realizadas de acordo co establecido neste convenio.
- Certificación detallada asinada por persoa responsable da relación de gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio, xustificadas coas correspondentes facturas. Incluirá a xustificación detallada dos gastos asumidos pola empresa editora para a realización da publicación ou publicacións que correspondan.
- En formato dixital os contidos editados e publicados polo medio de comunicación.



Para percibir o segundo pagamento a Corporación Voz de Galicia, S.L.U. presentará telematicamente, coa data límite do 30 de novembro de 2026, a seguinte documentación:

- Certificación na que se acredite que as actividades se realizaron de acordo co establecido neste convenio.
- Certificación detallada asinada por persoa responsable da relación de gastos que orixine a execución das actividades prevista neste convenio, xustificadas coas correspondentes facturas. Incluirá a xustificación detallada dos gastos asumidos pola empresa editora para a realización da publicación ou publicacións que correspondan.
- Un informe dos resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.
- En formato dixital os contidos editados e publicados polo medio de comunicación.
- Ficha resumo de execución do convenio (anexo I que se acompaña co texto deste documento), cuberta pola entidade e na que se indicará, de ser o caso, o número de proxectos, accións ou actividades que se realicen ao abeiro deste, as localidades de execución ou realización, así como a porcentaxe de gasto en proxectos, accións ou actividades dirixidas ás franxas de idade infantís ou xuvenís. Tamén indicarán, se procede, o número aproximado de persoas destinatarias ou beneficiarias das accións coa súa correspondente desagregación porcentual por sexos.

No suposto de que a entidade precise contar coa colaboración de medios alleos pola especificidade ou características técnicas das actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio e por iso, xustifique gastos de persoal, a suma destes gastos non poderán superar o 30% do importe total do convenio.

De non alcanzarse o total do orzamento das actividades, a achega de ambas as dúas partes asinantes deste convenio, verase reducida na mesma proporción.

O medio de comunicación utilizará o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.



A Corporación Voz de Galicia SLU facilitará toda a información que lle requira a Consellería, así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para os seus pagamentos Corporación Voz de Galicia, S.L.U. deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda e Administración Pública.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

Novena. Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen en galego ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo coas vixentes *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, segundo se establece na disposición adicional da lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG núm. 84, do 14 de xullo de 1983). Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Será considerada causa específica de resolución deste convenio o incumprimento desta cláusula.



Décima. Imposibilidade de promover a concorrência pública.

O Plan estratéxico de convenios de colaboración a subscribir pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua e os medios de comunicación para realizar actividades de dinamización lingüística no ámbito da promoción e difusión da lingua galega para o ano 2026, no seu apartado 4 dispón que, o que se persegue coa sinatura dos convenios é promover e fomentar a lingua e a cultura galegas a través dos medios de comunicación para aumentar progresivamente a porcentaxe do uso do galego, transmitindo e potenciando o noso idioma, dando un paso importante cara á normalización do galego coa finalidade de que estea presente en todos os ámbitos e sectores sociais da Comunidade Autónoma, establecendo entre as partes do convenio unha colaboración para levar a cabo unha serie de actuacións en resposta a obxectivos de interese social compartidos. A imposibilidade de promover a concorrência pública queda xustificada en razón ás características singulares e únicas das actividades a desenvolver polos medios de comunicación ao abeiro destes convenios, xa que, o seu obxecto responde á idea de colaboración na consecución dun fin común de interese público e social e de coparticipación e coorganización na realización de actividades que serven como instrumento para a promoción da lingua e da cultura galegas.

Dada a singularidade e características das actividades que se van desenvolver no marco do convenio, soamente se poderán realizar levar a cabo por Corporación Voz de Galicia SLU no seu ámbito de actuación e, se temos en conta que a colaboración tamén se fai extensiva aos restantes medios de comunicación en Galicia -El Progreso de Lugo SL, Faro de Vigo, La Región, Lérez Ediciones, El Correo Gallego, La Opinión de A Coruña, Rías Baixas Comunicación e Editorial La Capital - mediante a sinatura de convenios, non resulta posible promover a concorrência pública para a realización das actividades previstas en este convenio.

Décima primeira. Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da



Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro de 2016), co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE núm. 295, do 10 de decembro de 2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. (DOG núm. 149, do 3 de agosto de 2006).

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Décimo segunda. Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio crearase unha comisión de seguimento paritaria, constituída por dous representantes da Secretaría Xeral da Lingua nomeados polo seu titular e dous representantes de Corporación Voz de Galicia SLU.

Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes da Secretaría Xeral da Lingua, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo terceira. Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2026. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Décimo cuarta. Responsabilidade das actuacións



A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha -nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria- polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo quinta. Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio a Consellería pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo sexta. Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo sétima. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen unha persoa interesada que estea obrigada a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados e empregadas das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa



condición de empregado público. As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo oitava. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE núm. 294, do 6 de decembro de 2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo novena. Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG núm. 141, do 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou



específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Vixésima. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, de 2 de outubro de 2015).

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, de 9 de novembro de 2017) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

En proba de conformidade, asínase este convenio.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Pola Consellería de Cultura, Lingua e
Xuventude

Por Corporación Voz de Galicia SLU



José Carlos López Campos

Luis Miguel Blanco Penas



ANEXO I

**ORZAMENTO DESAGREGADO DAS ACTIVIDADES DO CONVENIO POR ACCIÓNS E LIÑAS
DE GASTO
CADRO DO IMPORTE TOTAL DO PROXECTO**

Liñas de acción/actividades do convenio	
1.ª actividade/acción, descrición: Elaboración e publicación dun mínimo de 24 reportaxes divulgativas no suplemento semanal Fugas de La Voz de Galicia	
Desagregación das liñas de gasto	Importe
1.ª) Cobertura xornalística	32.400,00 €
2.ª) Deseño e cobertura gráfica	11.760,00 €
3.ª) Impresión	36.000,00 €
4.ª) Distribución	66.000,00 €
TOTAL PARCIAL	146.160,00 €
1.ª actividade/acción, descrición: Realización dun mínimo de 5 espazos divulgativos de radio na cadea de emisoras de Radio Voz	
Desagregación das liñas de gasto	Importe
1.ª) Producción especiais divulgativos	6.500,00 €
2.ª) Emisión programas	6.250,00 €
TOTAL PARCIAL	12.750,00 €
TOTAL ACTIVIDADES	158.910,00 €

